PRESENTACIÓN DO LIBRO "O ORGULLO DO GURGULLO"

O próximo MARTES 27, ás 20 horas na LIBRERÍA "PAZ" (rúa Peregrina), vai ter lugar a presentación do libro O ORGULLO DO GURGULLO do etnógrafo e escritor pontevedrés CALROS SOLLA.

Trátase dun libro de poemas que o seu autor, profesor de lingua galega e activista no sector da cultura e da ecoloxía, ten adicado á ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA no seu 25 aniversario que se cumpre a finais do ano en curso.

Ao longo dun cento de páxinas de doada lectura e preñadas dunha evidente dose de humor e orixinalidade, Calros Solla fai un repaso sobre a problemática ambiental da nosa comarca, centrándose de forma fundamental no papel da APDR na loita contra a fábrica de pasta de papel de ENCE en Lourizán.

Para a nosa asociación é verdadeiramente un orgullo que un autor como Calros Solla teña a ben editar este poemario como tributo ao noso labor na defensa da Ría ao longo destes primeiros 25 anos de historia, pero non é menor a satisfacción de saber que a defensa do medio ambiente ten acadado na nosa comarca un nivel de conciencia tal que fai necesaria a producción literaria neste eido.

Pontevedra, 24 de marzo de 2012

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR.